CONCELLO DE SANTIAGO

COMPOSTELA ABERTA

ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE SE IMPLEMENTEN SOLUCIÓNS INNOVADORAS PARA O FOMENTO DA MOBILIDADE INTELIXENTE E REAVALIAR A INSTALACIÓN DAS 43 CÁMARAS PREVISTAS

No mandato anterior, o Concello de Santiago foi pioneiro en asinar un convenio co Ministerio de Economía para a captación de fondos europeos FEDER destinados ao fomento da compra pública innovadora. A sinatura deste acordo é o que permite desenvolver o proxecto *Smartiago*, que tal e como deseñou o goberno local de Compostela Aberta debería desenvolverse en tres liñas estratéxicas: a da xestión sustentable e intelixente dos residuos sólidos urbanos, a da mobilidade intelixente sostible, e a do alumeado ornamental intelixente para a conservación do patrimonio.

O obxectivo último destas liñas era contribuír á mudanza do modelo produtivo, promovendo a innovación no desenvolvemento de solucións para os servizos públicos municipais. Ao tempo, que se apostaba pola sustentabilidade ambiental e a conservación do patrimonio, desenvolvendo esas tres liñas estratéxicas nunha primeira fase, de I+D+i, e unha segunda fase, de desenvolvemento das solucións innovadoras. Sempre coa condición de que esas solucións innovadoras demostren beneficios económicos, sociais e ambientais para recuperar o investimento nun prazo razoable.

A segunda liña de actuación do *Smartiago*, a da mobilidade intelixente sostible, debería procurar afondar no cumprimento das normas de acceso e estacionamento da cidade histórica, a introdución do novo vehículo eléctrico adecuado tamén para intramuros, e no desenvolvemento da tecnoloxía que permita controlar o acceso e estacionamento e que substituiría ás cámaras ou bolardos tradicionais. Neste caso, o que se deber procurar é reducir de forma drástica os desprazamentos con vehículos contaminantes, previr os danos nos pavimentos por accesos indebidos de vehículos, ou garantir o cumprimento do tempo de estacionamento nas zonas ORA. Ademais, o correcto desenvolvemento destas solucións innovadoras vai permitir equilibrar os custos derivados dos servizos, ao aumentar a utilización do transporte público e dos estacionamentos municipais, cunha estimación dun aumento dos ingresos de ata 450.000 euros anuais, que deberían repercutir na mellora dos mesmos.

Coa chegada do actual goberno á alcaldía parece que a innovación, nesta liña de mobilidade intelixente, fica reducida á *vella solución* de instalación de cámaras de videovixilancia promovida xa nas anteriores etapas do alcalde Xosé A. Sánchez Bugallo e que tiveron forte contestación social. Así, o goberno local pretende instalar cámaras que graven os vehículos -nalgunhas rúas como a Rúa Nova e as Casas Reais colócanse ata 4 cámaras de vídeo- ademais de cámaras que graven que poidan realizar unha caracterización das persoas e a trazabilidade das mesmas, mesmo identificar identificar se unha persoa "é unha peregrina ou non".

No actual proxecto non se esclarece nin quen, nin cantas persoas, nin como se vai xestionar toda a información de carácter persoal que vai ser recollida por estes dispositivos. Apostar pola gravación de todos os movementos da cidadanía pode colisionar coa garantiía de dereitos fundamentais da cidadanía como son o da privacidade e intimidade, o da libre circulación das persoas ou mesmo o da liberdade de expresión. Dereitos que poden verse vulnerados pola instalación dun número tan excesivo de videocámaras

E por iso SOLICITAMOS:

- **Que o Concello de Santiago reavalíe a pertinencia da instalación de 43 cámaras de vídeovixilancia do proxecto *Smartiago* e busque solucións realmente innovadoras para o controlo e fomento dunha mobilidade intelixente sen que isto repercuta negativamente nos dereitos fundamentais da cidadanía de Santiago de Compostela.**

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2021

Xan Duro Fernández

Concelleiro do Grupo Municipal de Compostela Aberta

AO ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO